XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

PRIMEIRA
# LIGA DE DEBATE




## A oratoria e o debate académico aplicados á aula

MARTES
3 DE FEBREIRO 2026

SALA 9 - EDIFICIO FONTÁN
CIDADE DA CULTURA - SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# Índice

01 – Por que a oratoria e o debate académico na aula?

02 – Como mellorar a oratoria e a comunicación do alumnado?

03 – Como o imos a levar á aula?





XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

## 01 – Por que a oratoria e o debate académico na aula?



### A persoa comunicadora ou oradora nace ou faise?

+/- … Empatía, autoestima e comunicación.

+/- … Glosofobia

Vou improvisar o discurso de…

# 01 –Por que a oratoria e o debate académico na aula?

A oratoria e o debate académico son unhas ferramentas fundamentais para a mellora do alumnado en tres niveis:

ACADÉMICO

PROFESIONAL

PERSOAL

Académico (mellora a súa capacidade de investigación e estudo)

Profesional (habilidades brandas pouco traballadas e moi demandas)

Persoal (mellora a autoestima, a empatía, a tolerancia e o diálogo)

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# 01 –Por que a oratoria e o debate académico na aula?

“O debate é unha confrontación dialéctica, rexida por unha serie de normas, cuxo resultado é determinado por un xurado”. Bermúdez e Lucena

**Dialéctica:** arte de persuadir, debater e razoar ideas diferentes.

**Normas:** regras da actividade.

**Xurado:** rol do alumnado na actividade.



XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

## 01 –Por que a oratoria e o debate académico na aula?

**Todo é comunicación.**
**E en oratoria e debate académico, máis aínda.**



**Todo é discurso no debate académico.**

***INVENTIO*: liña argumental convincente.**

***DISPOSITIO*: ordenar argumentos.**

**–Exordio, narración, argumentación...**

***ELOCUTIO*: seleccionar como dicilo.**

**MEMORIA: liña argumental e Ideas forza. (Penaliza a lectura)**

**A *ACTIO*: posta en escena.**

## 02 – Como mellorar a oratoria e a comunicación do alumnado?

- LECTURA
- ESCOITA ACTIVA
- ESTRUTURA DISCURSIVA (EXPOSITIVA / PERSUASIVA)
- HONESTIDADE (FALAR CO CORAZÓN)
- INTERPELACIÓN-RESPOSTAS
- DEBATE E ARGUMENTACIÓN

# 03 – Como o imos a levar á aula?

- **LECTURA EXPRESIVA EN VOZ ALTA (CONTOS, PRENSA, DISCURSOS, BANDOS)**

Usa cambios de volume: máis baixo para os momentos íntimos, máis alto para a alegría ou o asombro.

Fai pausas emotivas antes de frases importantes, como o peche.

Permite sentir o que din; non necesitas sobreactuar, só conectar.

No xiro final, transmite a sabedoría, sen esaxerar.

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# 03 – Como o imos a levar á aula?

- **ESCOITA ACTIVA:**
- Interpretación dos contos
- Dúas verdades e unha mentira
- A suma e o medio de transporte
- Película, serie, libro, lugar
- Os mellores amigos

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

## 03 – Como o imos a levar á aula?

- **HONESTIDADE FALAR CO CORAZÓN:**
- Emoción con música (*storytelling* con música)
- Preséntome

## 03 – Como o imos a levar á aula?

- ESTRUTURA DISCURSIVA (EXPOSITIVA / ARGUMENTATIVA / PERSUASIVA)
- Exposición dun tema de clase (penaliza a lectura)
- Exposición dunha idea ou dun produto

**CAPTAR A ATENCIÓN**: PREGUNTA ou AFIRMACIÓN PODEROSA.
**O VALOR**: Que soluciono? Que necesidade cubro?
**O meu PROXECTO**: En que consiste? Como funciona? PROTOTIPO
**MARKETING**: Como chego aos meus clientes?
**LOGO + SLOGAN**



XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# 03 – Como o imos a levar á aula?

- **DEBATE ACADÉMICO:**



- A pregunta do debate coñécese con antelación (investigación)
- A postura para defender é aleatoria (pensamento crítico)
- Peso das evidencias (investigación analítica)
- Fondo + Forma (*Ítem especifico)
- Modelo flexible

O debate académico educativamente guíanos desde o descoñecemento á aprendizaxe nun proceso de ensino colaborativo e cooperativo.

XUNTA
DE GALICIA

LIGA DE
DEBATE

## 03 – Como o imos a levar á aula?

- **DEBATE ACADÉMICO:**

### As quendas no debate académico (Roles):

**Introdución:** P.I. da liña argumental (Exordio-definición-pregunta-tese-argumentos e peche conecta-inicio)

**Refutación primeira:** atacar o equipo contrario e reconstruír os nosos argumentos. (2 AR)

**Refutación segunda:** 60% de ataque e 40 % de reconstrución e desenvolvemento (1 AR)

**Preguntas:** son a verdadeira esencia do debate. (aclarar ideas, poñer problemas).

**Conclusión:** é unha quenda onde se fixan máis no por que ca no que. Non é un resumo.

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# 03 – Como o imos a levar á aula?

1.EXPOSICIÓN INICIAL



- **DEBATE ACADÉMICO:**

Conectar co xurado con comezos sedutores e finais contundentes.

Presentar as ideas de maneira clara, concisa e comprensible e resumir o que se diga.

Manter a atención dos membros do xurado.

**Forma:** abandonar o estilo ríxido (teatraliza nunca en exceso) e adoptar un estilo próximo á improvisación; a partir deste arranque cómpre ir conectando o inicialmente anecdótico co esencial.

**Introducción Alvaro Pineda min 06:30 AF CARLOS III**

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

## 03 – Como o imos a levar á aula?




- **DEBATE ACADÉMICO:**

**Atacar os termos do debate, atacar a tese ou liña argumental, atacar o argumento ou algunha das súas partes que coñecemos segundo o método A.R.E. (afirmación, razoamento, evidencia) e atacar o que non se considerou ou se deixou de mencionar por parte do equipo contario.**

**Completar e reforzar o que se desenvolveu nas nosas quendas anteriores e reconstruír os argumentos que fosen refutados polo equipo contrario.**

**Forma: ten liberdade expresiva e formal, pois o único requisito que debe cumprir é achegar documentación dos datos que afirme. Ten que ser áxil para a quenda de preguntas.**

**Refutación Min. 42:38 La economía puede ser circular**

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE




## 03 – Como o imos a levar á aula?

- **DEBATE ACADÉMICO:**

**Que argumentos (do equipo contrario) foron refutados?**
**Que argumentos (do equipo contrario) foron rebatidos por ter pouca forza argumentativa)?**
**Que preguntas (ao seu equipo) foron contestadas con éxito?**
**Que evidencias (do equipo contrario) tiveron menos validez?**

**É conveniente pechar cun final enxeñoso e contundente e, se é posible, co exordio da quenda de introdución para dar unha sensación de circularidade –xa non na quenda, senón no debate.**

**Forma: é hora de suavizar o ton, xa non estás nunha confrontación dialéctica coma na quenda anterior.**

**Conclusión Down Ourense. É posible manter unha alimentación saudable. 57:26**

XUNTA DE GALICIA

XURADO

LIGA DE DEBATE

## 03 – Como o imos a levar á aula?

- **DEBATE ACADÉMICO:**




**Xuíz analítico, gran escoita activa, non se deixa influír por rumbos e bos dotes comunicativos.**

**Que se valora?**

**Discurso orixinal, claro e estruturado, que use adecuadamente recursos externos, empregue unha correcta declamación (expresión oral e paraverbal), demostre unha linguaxe verbal rica e precisa, así como dominio da comunicación non verbal e do espazo.**

XUNTA DE GALICIA

LIGA DE DEBATE

# 03 – Como imos a levar á aula?

- **DEBATE ACADÉMICO:**



**"Sobre calquera cuestión hai dous argumentos opostos entre si”.**
**Protágoras**

**“É mester que combatan os nosos argumentos para que non teñan que combater as persoas”.**
**Popper**

XUNTA
DE GALICIA

LIGA DE
DEBATE




# Grazas pola súa atención!